



**INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA
XENÓMICA**

CONSELLERÍA DE SANIDADE

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2020 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (en adiante, Fundación) é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, adscrita á Consellería de Sanidade.

A Fundación ten por misión a realización de actividades de promoción e protección da saúde dos galegos -garantindo o acceso en condicións de equidade a probas xenómicas que sexan de utilidade-, e tamén ser instrumento de apoio á atención sanitaria pública a través do uso de soportes tecnolóxicos para atender a crecente importancia da medicina xenómica na diagnose e tratamento de múltiples enfermidades, especialmente nas relacionadas coa herdanza xenética e o cancro.

A secuenciación do xenoma humano permitiu coñecer os fundamentos xenéticos e moleculares das enfermidades e desenvolver as tecnoloxías que permiten deseñar diagnósticos e estratexias terapéuticas e preventivas máis precisas.

A evolución da investigación no eido da xenómica e a súa aplicación no ámbito sanitario derivou nunha nova forma de práctica clínica, cun impacto claro para a equidade no acceso ás prestacións do sistema público de saúde. A xenómica incide en tódalas especialidades médicas, como medicina transversal axuda:

- Á diagnose das enfermidades xenéticas.
- A facer medicina preventiva (permite a caracterización de alteracións xenéticas relacionadas co risco persoal).
- Á identificación de portadores de enfermidades xenéticas graves.
- A estratificar pacientes para tratamentos.
- Á identificación de variantes xenéticas responsables de resposta farmacolóxica.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E2	BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E2	PA 2.1	Sistema Sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública

O modelo da Xenómica en Galicia debería aproveitar as experiencias do noso entorno e centrarse en:

- Ser un modelo de práctica clínica orientado ás persoas.
- Ser un modelo integrador (Sistema Público de Saúde e grandes centros de I+D+i).
- Procurar un modelo sostible das tecnoloxías e a súa inclusión axeitada no sistema sanitario.
- Aproveitar os recursos e capacidades existentes: infraestructuras de secuenciación masiva, análise de grandes volumes de datos, estandarización e interoperabilidade, marco ético, social....
- Introducir estándares de calidade e de xeneralización de boas prácticas (estandarización, xeración de información de calidade, formación e asesoramento).

Segundo a instrucción 8/2018 de ordenación das probas de análises xenéticas no ámbito do Servizo Galego de Saúde, a Fundación é un dos centros de referencia de realización das devanditas probas e desenvolverá as súas actividades fundacionais con suxeición aos criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, no ámbito das súas competencias.

Neste senso cómpre referir que no exercicio 2020 a Fundación ofrecerá os servizos de diagnose prenatal non invasivo para a poboación da Comunidade Autónoma.

1.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2020	2021	2022
OE.2.1.02	Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes no eido da medicina xenómica	4.743.508	4.770.513	4.870.512
	TOTAL	4.743.508	4.770.513	4.870.512

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2020	2021	2022
02	Facilitar e proporcionar acceso á diagnose xenética de persoas e/ou familias afectadas ou con sospeita de padecer enfermidades de base xenética	4.743.508	4.770.513	4.870.512
	TOTAL	4.743.508	4.770.513	4.870.512

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2020	2021	2022	UNIDADES
ASESX	Nº Consultas asesoramento xenético	50	75	100	Consulta 1ª ou sucesiva
GUÍA	Nº Guías boas prácticas (molecular e citoxenética)	2	3	4	Guía
INPROX	Nº Proxectos investigac. concedidos (púb/privado)	3	3	3	Proxecto investigación
INPUBL	Nº Publicacións indexadas investigación	35	37	39	Publicación investigación
INRRHH	Nº bolsas/contratos investigadores	2	2	3	Investigador/a concedido
NGS	Nº Paneis / Exomas (técnica NGS) realizados	1.600	1.750	2.000	Estudo panel/exoma NGS
OPEN	Nº peticións electrónicas estudos	10.000	15.000	22.000	Petición electrónica
PRENAT	Nº estudos diagnose prenatal (non invasivo)	1.500	1.500	1.500	Estudo prenatal non invasivo
RARAS	Nº proxectos colaborat. rexistro enfermidades raras	1	1	1	Proxecto RARAS
SERGAS	Nº estudos carteira contrato-programa SERGAS-FPGMX	21.500	22.500	22.500	Estudo realizado a SERGAS

A Fundación é unha das principais organizacións de apoio á xenética clínica en España ofrecendo un dos maiores volumes de procesamento e un dos conxuntos máis extensos de estudos de diagnose molecular de enfermidades hereditarias.

A carteira de servizos asistencial da Fundación ten unha actualización permanente co obxectivo de proporcionar servizos de diagnose, asesoramento xenético e prevención a persoas e familias con problemas de saúde que poidan ter unha base xenética ou con risco de padecer ou transmitir as devanditas afeccións ós seus descendentes.

○ servizo aos pacientes e familiares no área de xenética incluírá:

- a diagnose de enfermidades ou trastornos de base xenética, mediante a integración da información clínica familiar e persoal así como a obtida tras a realización do/s estudo/s xenético/s.

- a transmisión de información de xeito claro e comprensible, sobre o risco de recurrencia da enfermidade ou trastorno, as consecuencias para o paciente e a súa descendencia e as posibilidades de prevención pre e postnatal.

- a derivación das persoas e familiares aos distintos profesionais especializados ou grupos de apoio necesarios para o manexo axeitado de cada situación.

Referir o importante papel da investigación básica e clínica no eido das ciencias da saúde e cun carácter translacional á práctica asistencial neste senso, actividade que se desenvolve na Fundación dun xeito paralelo á actividade asistencial.

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2020	CONCELLO
ADAPTACIÓN TECNOLÓXICA / AUTOMATIZACIÓN PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS MEDIC.XENÓMICA	2.012	2.022	1.912.401	167.668	1538078
		TOTAL	1.912.401	167.668	

En materia de inversións a Fundación está a desenvolver un plan de adaptación tecnolóxica e automatización dos procesos de laboratorio (2012-2022).

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO	1.995.839	2.580.000	167.668
TOTAL	1.995.839	2.580.000	167.668

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2020	2021	2022
Ingresos actividade servizos FPGMX	1.134.573	693.270	693.270
TOTAL	1.134.573	693.270	693.270

Os usuarios da nosa actividade correspóndense con hospitais e laboratorios/compañías de seguros privadas, así como particulares.

A carteira asistencial da Fundación, abrangue determinacións analíticas/outros servizos nos eidos de:

- MOLECULAR

As análises moleculares refírense ao estudo do ADN ou ARN mensaxeiro e teñen as seguintes utilidades clínicas en relación ás enfermidades hereditarias:

Diagnose --> para confirmar ou descartar unha enfermidade hereditaria coñecida nun individuo con síntomas.

Predictiva --> para individuos asintomáticos con historia familiar de enfermidade xenética. Distínguese, o test presintomático, cando o desenvolvemento dos síntomas é seguro debido a xenes de penetrancia completa e o test predisposicional, cando o des-

envolvemento dos síntomas é probable pero non seguro, como os debidos a xenes con penetrancia incompleta ou as enfermidades multifactoriais.

Detección de portadores --> para identificar individuos portadores dunha mutación para enfermidades autosómicas recesivas ou ligadas a X.

Prenatal--> detección de anomalías coñecidas no material xenético de fetos con risco elevado de ser portador dunha determinada enfermidade ou trastorno xenético.

Prenatal non invasivo --> cribado de anomalías no material xenético do feto, obtido a partires do sangue materno da muller xestante, a risco de ser portador de calquera enfermidade ou trastorno xenético.

As análises moleculares tamén teñen utilidade nalgúns cancros esporádicos con valor diagnóstico, predictivo, de monitorización e farmacoxenético.

- CITOXENÉTICA

Oncohematoloxía --> esta actividade ten como obxectivo a análise de cromosomas en metafase e interfase para colaborar ao establecemento da diagnose, á estratexia terapéutica a seguir e á monitorización de moitas neoplasias.

Na actualidade a identificación de cambios cromosómicos primarios consideráse esencial en oncohematoloxía e estase a incrementar de xeito considerable a tumores sólidos. Para o desenvolvemento desta actividade a Fundación conta con persoal especializado no estudo de cariotipos convencionais e técnicas de hibridación in situ con fluorescencia (FISH).

Diagnose prenatal --> actividade para a realización dos estudos de cariotipo (en líquido amniótico, tecidos fetais, sangue periférica, velocidades coriais), prenatal non invasivo, FISH CATCH22 e QF-PCR.

- FARMACOXENÉTICA E FARMACOXENÓMICA

A Farmacoxenética encárgase do estudo da variabilidade interindividual na resposta aos fármacos segundo as características xenéticas de cada persoa. A aplicación deste coñecemento require, dunha banda, identificar os compoñentes xenéticos que inflúen na resposta e doutra banda, determinar as vías polas que as devanditas variantes afectan á metabolización e á efectividade dos diferentes fármacos.

Trátase da detección de variantes no material xenético, en pacientes a tratamento ou candidatos a tratamento con calquera fármaco incluído na prestación farmacéutica do SNS e que a súa ficha técnica inclúa como necesaria ou aconsellable a análise xenética.

- ASESORAMENTO XENÉTICO

A transmisión de información ao paciente debe realizarse en tódalas fases do proceso (antes e despois da realización dunha proba ou cribado xenético así como en ausencia da mesma) e debe adecuarse ao seu nivel de comprensión. A/s persoa/s debe/n ser informada/s sobre as posibles consecuencias -para ela ou a súa descendencia- dos resultados dunha análise ou cribado xenético, das súas ventaxas e/ou riscos, así como recibir o asesoramente preciso respecto das posibles alternativas derivadas da análise.

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓNS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	3.480.897	3.268.246	3.428.525
TOTAL	3.480.897	3.268.246	3.428.525

	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
Subvencións Correntes Recibidas do Estado	99.263	89.282	314.462
Subvencións Correntes Recibidas da UE			
TOTAL	99.263	89.282	314.462

A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica financiarase a través dos seus recursos propios e das transferencias e subvencións que poida recibir da Administración Pública:

1. Transferencias e subvencións recibidas da CCAA --> mediante a suscripción do contrato-programa co Sergas para a prestación de servizos no eido asistencial (obxectivos e actividades). O Servizo Galego de Saúde determina os criterios de planificación aos que suxeita a súa actividade e concreta as prestacións sanitarias a realizar na Fundación.

2. Transferencias e subvencións recibidas do Estado--> no eido da investigación a Fundación concorre a diferentes axudas, ben mediante proxectos de colaboración con outras organizacións ben con proxectos propios, así como a convocatorias de axudas de recursos humanos. Neste ámbito está a intervenir nas seguintes liñas de investigación:

- Xenética do cancro de mama,
- Xenética do cancro de colon,
- Xenética de enfermidades neurolóxicas e cognitivas,
- Xenética de enfermidades psiquiátricas,
- Xenética de enfermidades endocrino-metabólicas,
- Xenética de enfermidades monoxénicas e complexas,
- Farmacoxenómica e Farmacoxenética,

- Tecnoloxía de análises de polimorfismos (SNPs) e mutacións,
- Bioinformática estrutural.

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
Nº Empregados	35,93	41	44
Custo Total	1.214.472	1.500.000	1.995.839
Custo Medio	33.801	36.585	45.360

A medicina xenómica debe dar resposta aos retos específicos que formulan apartados como a oncoloxía, as enfermidades raras, as enfermidades comúns ou a farmacoxenómica: a tecnoloxía e infraestruturas necesarias son as mesmas pero a abordaxe e o coñecemento requiridos para a interpretación clínica dos datos xenómicos, precisa tamén de profesionais especificamente preparados.

A plantilla da Fundación está composta por persoal vencellado ao eido asistencial e/ou investigador.

No eido investigador o persoal está cofinanciado por diferentes axudas/subvencións de convocatorias competitivas de recursos humanos nacionais/autónomas ás que concorre a Fundación.

A contabilización dos gastos de persoal axústase ao principio do devengo, rexistrando o gasto na conta de resultados segundo a corrente real do servizo prestado á entidade, valorándose polo seu custo.

Non existen compromisos para pensións ou similares a favor dos seus traballadores.

Outras remuneracións ao persoal

Prevéese no exercicio 2020 a negociación / adhesión da Fundación a Convenio Colectivo coas melloras sociais e adaptación salarial que se acorde (entre outros, recoñecemento da antigüidade/trienios/complementos).

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020	PREVISIÓN 2021	PREVISIÓN 2022
TRANSPORTE, MANTEMENTO EQUIPOS E INSTALACIÓNS, CORREOS, LAVANDERÍA, SUSCRICIÓN BASES DE DATOS, OUTROS GASTOS	542.836	525.941	575.000	575.000	575.000
TOTAL	542.836	525.941	575.000	575.000	575.000

O gasto da Fundación en servizos exteriores (mantemento preventivo/correctivo, servizos de profesionais independentes, transporte, uso das instalacións na XXI de Santiago, lavandería, suscripción a bases de datos, ...) derívase da propia actividade desenvolvida e ven motivado por:

- a medicina xenómica ten un compoñente tecnolóxico elevado (en constante actualización) e fai necesario o mantemento preventivo/correctivo das súas instalacións/máquinaria.

- a falta de persoal especializado en determinadas áreas xurídico-administrativas obriga á subcontratación destes servizos.

- as probas xenéticas son todo tipo de exame médico que se efectúan analizando o material xenético das persoas. A Fundación realiza este tipo de estudos para tódolos centros hospitalarios de Galicia o que implica una intensiva recollida de mostras ao longo da nosa dispersa comunidade. O transporte das mesmas debe ser inmediato para evitar a súa degradación.

- a ubicación da Fundación nas instalacións da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago (Hospital Clínico) conleva gastos de subministros, limpeza, seguridade, informática.

- a suscripción de bases de datos de consulta para a interpretación de datos e elaboración de informes.

Amortización

DESCRIBCIÓN	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
DOTACIÓN AMORTIZACIÓN INMOBILIZ. INMATERIAL	22.337	16.635	22.213
DOTACIÓN AMORTIZACIÓN INMOBILIZ. MATERIAL	156.770	165.000	210.120
TOTAL	179.107	181.635	232.333

Os activos intangibles son activos de vida útil definida e, polo tanto, amortízanse sistematicamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche do exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva.

A amortización dos elementos do inmovilizado material calcúlase de xeito lineal en función da vida útil dos bens, atendendo ao uso que se fai deles e ao grao de obsolescencia que puidera afectalos, iniciándose a partires da data da súa entrada en funcionamento

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN	22.346	25.000	30.000
TOTAL	22.346	25.000	30.000

	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
Subvencións de Capital Recibidas do Estado		148.981	20.000
Subvencións de Capital Recibidas da UE			
TOTAL	0	148.981	20.000

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, e a Fundación veñen asinando Contratos programa ao abeiro da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia) - programa Galicia Transfire-.

“Galicia Transfire” contempla que o Contrato Programa para a consolidación de centros de coñecemento é un dos seus instrumentos e está establecido como unha fórmula para canalizar o apoio financeiro en función do cumprimento de obxectivos previamente establecidos en base á valoración dun conxunto de indicadores de xestión e resultados. O programa Galicia Transfire aglutina os instrumentos dirixidos a fomentar a transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento, como principais artífices do fomento do talento nos sistemas de innovación galegos, cara ao mercado nun marco de innovación aberta.

O obxecto do contrato programa será a realización dun conxunto de accións recompiladas nun Programa de I+D+i biosanitaria na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica que terá como obxectivo acadar unha investigación de excelencia e a consolidación dos centros de coñecemento, dentro do eixe de actuación “potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico técnica”.

Doutra banda, a Fundación concorre a diferentes axudas de infraestruturas (desenvolvemento tecnolóxico) a nivel estatal.

Financiamento alleo a longo prazo

	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
Préstamos e Créditos do Estado	38.251	32.801	27.346
TOTAL	38.251	32.801	27.346

O préstamo a longo prazo correspóndese coa concesión en 2015 de Axuda a Infraestruturas de equipamento científico - técnico otorgada pola Dirección General de Investigación Científica y Técnica pertencente ao Ministerio de Economía y Competitividad

e con cargo a axuda FEDER por un importe subvencionable de 272.855 € (218.284 € --> axuda FEDER e 54.571 € --> préstamo).

Remanente de Tesourería

	2018	2019
1. Fondos líquidos	3.077.779	2.736.078
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	1.284.910	1.598.336
Do orzamento corrente	1.257.324	1.573.240
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	27.586	25.096
3. Obrigas pendentes de pago (-)	718.587	510.698
Do orzamento corrente	432.569	235.698
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	286.018	275.000
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	3.644.102	3.823.716
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	3.644.102	3.823.716

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
INMOBILIZADO INMATERIAL	2.662	21.778	17.668
INMOBILIZADO MATERIAL	96.294	256.226	150.000
TOTAL	98.956	278.004	167.668

A previsión no exercicio 2020 de adquisición de inmovilizado no marco do plan de adaptación tecnolóxica da Fundación abrangue á data actual, entre outros:

- adquisición de robot de extracción de ácidos nucleicos --> 100.000€.
- sistemas de conservación de mostras - cámara frigorífica --> 34.668 €.
- reposición de pequena maquinaria e utillaxe de laboratorio (centrífugas, termocladores, pipetas,) -->33.000 €.
- outras reposicións -->7.000 €.

O rápido desenvolvemento tecnolóxico no área de actividade da Fundación precisa de certa flexibilidade á hora da adaptación na adquisicións das diferentes infraestruturas.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020				
Formulario F.01				
INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA				
		(En miles de euros sen decimais)		
BALANCE. ACTIVO		REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
A) Activo non corrente		528	625	560
I. Inmovilizado intanxible		34	39	34
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas		34	39	34
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmovilizado intanxible				
II. Bens do patrimonio histórico				
1. Bens inmoebles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas				
4. Museos				
5. Bens moebles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmovilizado material		495	586	526
1. Terreos e construcións				
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material		495	586	526
3. Inmovilizado en curso e anticipos				
IV. Investimentos inmobiliarios				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Investimentos financeiros a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente		4.383	4.354	4.541
I. Existencias				
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso				
4. Productos terminados				
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia		28	25	35
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar		1.257	1.573	1.700
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos				
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios				
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		1.257	1.573	1.700
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020				
Formulario F.01				
INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA				
		(En miles de euros sen decimais)		
	BALANCE. ACTIVO	REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	21	20	25
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	3.078	2.736	2.781
	1. Tesourería	3.078	2.736	2.781
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)	4.912	4.979	5.101

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020				
Formulario F.02				
INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA				
		(En miles de euros sen decimais)		
BALANCE PASIVO		REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
A) Patrimonio Neto		4.140	4.421	4.508
A-1) Fondos propios		3.880	4.005	4.122
I. Dotación fundacional/Fondo social		250	250	250
1. Dotación fundacional/Fondo social		250	250	250
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)				
II. Reservas		3.537	3.630	3.755
1. Estatutarias				
2. Outras reservas		3.537	3.630	3.755
III. Excedentes de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)				
IV. Excedente do exercicio		93	125	118
A-2) Axustes por cambio de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		260	416	385
I. Subvencións		260	416	385
II. Doazóns e legados				
B) Pasivo non corrente		53	48	32
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras provisións				
II. Débedas a longo prazo		53	48	32
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		53	48	32
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		719	511	561
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo		433	236	286
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		433	236	286
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores				
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		286	275	275
1. Proveedores		127	125	125
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		159	150	150
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas				
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		4.912	4.979	5.101

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020

Formulario F.03

INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA

	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS			
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	3.686	4.207	3.790
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios			
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións	4	1	1
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio	3.682	4.206	3.789
d) Reintegro de axudas e asignacións			
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	75	65	1.135
3. Gasto por axudas e outros			
a) Axudas monetarias			
b) Axudas non monetarias			
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno			
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados			
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo			
6. Aprovisionamentos	-1.732	-1.941	-2.005
7. Outros ingresos de explotación	2	2	1
8. Gastos de persoal	-1.214	-1.500	-1.996
a) Soldos, salarios e asimilados	-910	-1.145	-1.528
b) Cargas sociais	-305	-355	-468
c) Provisións			
9. Outros gastos de explotación	-543	-526	-575
a) Servizos exteriores	-543	-526	-575
b) Tributos			
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais			
d) Outros gastos de xestión corrente			
10. Amortización do inmovilizado	-179	-182	-232
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio			
12. Excesos de provisións			
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado			
a) Deterioros e perdas			
b) Resultado por alleamentos e outras			
14. diferencia negativa de combinacións de negocio			
15. Outros resultados			
Gastos excepcionales			
Ingresos excepcionales			
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)	94	125	118
16. Ingresos financeiros			
a) De participación en instrumentos do patrimonio			
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
17. Gastos financeiros	-1		
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas			
b) Por débedas con terceiros.	-1		
c) Por actualización de provisións			
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros			
19. Diferencias de cambio			
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro			
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)	-1		
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	93	125	118
23. Imposto sobre beneficios			
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)	93	125	118
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020				
Formulario F.03				
INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA				
		(En miles de euros sen decimais)		
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
1. Subvencións recibidas				
2. Doazóns e legados recibidos				
3. Outros ingresos e gastos				
4. Diferencias de conversión				
5. Efecto impositivo				
B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)				
C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Subvencións recibidas				
2. Doazóns e legados recibidos				
3. Outros ingresos e gastos				
4. Diferencias de conversión				
5. Efecto impositivo				
C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)				
D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIERECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)				
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO				
F) AXUSTES POR ERROS				
G) VARIACIÓNS NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL				
H) OUTRAS VARIACIÓNS				
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)		93	125	118

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020			
Formulario F.04			
INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	93	125	118
2. Axustes no resultado	100	163	152
a. Amortización do inmovilizado (+)	179	182	232
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)			
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)	-80	-18	-81
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)		-1	-1
h. Gastos financeiros (+)	1	1	1
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	1.109	-521	-87
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	793	-313	-137
c. Outros activos correntes (+/-)			
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	99	-11	
e. Outros pasivos correntes (+/-)	217	-197	50
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.			
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	1.302	-233	183
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-99	-278	-168
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)	-3	-22	-18
c. Inmovilizado material (-)	-96	-256	-150
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)			
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	-99	-278	-168
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	22	174	50
a. Aportacións a tución fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)	22	174	50
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020			
Formulario F.04			
INST. GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)	22	174	50
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	1.226	-337	65
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	2.786	3.078	2.736
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	3.078	2.736	2.781

